

1^{as} XORNALISTAS



**SOFÍA PÉREZ
CASANOVA**



**CONCHA
CASTROVIEJO
BLANCO-CICERÓN**



**EMILIA PARDO
BAZÁN**



**FILOMENA DATO
MURUAIS**



**MARÍA LUZ
MORALES**



**MERCEDES VIEITO
BOUZA**



**PURA VÁZQUEZ
IGLESIAS**



**CONCEPCIÓN
ARENAL**



**CLARA CORRAL
ALLER**



**VIRGINIA FELICIA
AUBER**



**MARÍA VINYALS Y
FERRÉS**



**AVELINA
VALLADARES
NÚÑEZ**



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

PÁXINA **4**

**SOFÍA
PEREZ
CASANOVA**

A correspondente
de guerra

PÁXINA **6**

**CONCHA
CASTROVIEJO
BLANCO-CICERÓN**

A crítica
literaria

PÁXINA **8**

**EMILIA
PARDO
BAZÁN**

A aristócrata
rebelde

PÁXINA **10**

**FILOMENA
DATO
MURUAIS**

A poeta
feminista

PÁXINA **12**

**MARÍA
LUZ
MORALES**

A primeira muller
directora dun xornal

PÁXINA **14**

**PURA
VÁZQUEZ
IGLESIAS**

A poeta da
posguerra

PÁXINA **16**

**MERCEDES
VIEITO
BOUZA**

Xornalismo
galego dende
Cuba

PÁXINA **18**

**CONCEPCIÓN
ARENAL**

Xornalismo e
Xustiza Social

PÁXINA **20**

**CLARA
CORRAL
ALLER**

Elexía con nome
de muller

PÁXINA **22**

**VIRGINIA
FELICIA
AUBER**

A raíña do
folletín

PÁXINA **24**

**MARÍA
VINYALS
Y FERRÉS**

A Marquesa
vermella

PÁXINA **26**

**AVELINA
VALLADARES
NÚÑEZ**

A poeta e
xornalista de
opinión

EDITA

Secretaría Xeral de Igualdade
Consellería de Emprego e Igualdade
Xunta de Galicia

DEPÓSITO LEGAL

C 555-2021

ELAS ESCRIBIRON A HISTORIA

As primeiras xornalistas

Son moitas as profesionais que ao longo da historia decidiron saír da norma e abrir o camiño cara á igualdade de xénero, algo nada sinxelo nun mundo no que tiñan claramente delimitado o seu papel.

Polas canles do tempo, de forma subterránea, ás veces agochadas tras pseudónimos e disfraces, a forza do legado das mulleres na loita pola equidade laboral sobreviviu coa forza que ten a rebeldía do inconformismo e a excelencia creadora. A profesión xornalística galega, como tantas, contou con fundamentais figuras de mulleres nos seus inicios. Profesionais dos medios non resignadas, que se enfrontaron aos obstáculos, aos prexuízos e que desertaron das prohibicións que unha e outra vez trataban de destruílas, silencialas, deprecialas. Un esforzo tenaz despregado por mulleres concretas, loitadoras que desde hai séculos acabaron por quebrar os horizontes impostos.

A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia tamén estende horizontes nesta mostra en recoñecemento ás precursoras galegas da comunicación. Xornalistas, escritoras, mulleres comprometidas que pertencen a varias xeracións de creadoras que se bateron contra as vangardas estereotipadas e a tradición machista; Mulleres silenciadas que contribuíron irremediabilmente á modernización política, social e cultural, empregando o máis indestrutible instrumento de poder: a palabra, a súa escrita, a súa voz, a súa capacidade de comunicar.

Nesta mirada desde a historia, imprescindible na loita pola igualdade de xénero, encontrámonos coas opinións agudas de Emilia Pardo Bazán, en máis de dous mil artigos de prensa, ou coa contundencia de Concepción Arenal. Pioneiras como M^a Luz Morales, primeira directora dun xornal; cultivadoras de versos en galego como Filomena Dato; críticas literarias eternamente cuestionadas como Concha Castroviejo ou correspondentes de guerra como Sofía Casanova. Mulleres que demostraron que no cumio do xornalismo tamén hai nomes de muller.



SOFÍA PÉREZ CASANOVA

A correspondente de guerra

A diferenza da tendencia estilística imperante na época, centrada fundamentalmente en aspectos políticos e militares dos conflitos armados, Sofía escribiu sobre as cuestións humanas e as persoas protagonistas directas destes conflitos.



Xornal ABC. 16 de decembro de 1928.

Como exiliada e residente en Varsovia, as súas crónicas viñan directamente das rúas, dos hospitais, dos mercados desabastecidos, dunha realidade que sentía o deber de amosar ao mundo.

Os seus inicios na poesía deron aos seus artigos un estilo lírico e coidado, e as súas circunstancias persoais, non estando atada de xeito físico á redacción dun xornal, ofrecéronlle unha independencia pouco común para a época.

No ano 1915, Sofía Casanova residía en Polonia. Traballaba como enfermeira voluntaria da Cruz Vermella, no hospital de urxencia da estación Varsovia-Viena. Impactada polos horrores da guerra, sente a necesidade de amosar ao seu país a realidade da contenda europea. Con esa única intención, escribe unha carta ao diario ABC relatando as cousas que vía. Ela, que ata o momento centrara a súa escrita na poesía e na literatura, non sospeitaba que esa carta sería o inicio dunha carreira xornalística. A resposta do diario foi unha oferta de traballo en toda regra: Quería converterse en correspondente de guerra dun dos diarios con maior proxección nacional?

Deste xeito deu comezo unha carreira tan longa como prolífica: a considerada primeira muller española que traballou como correspondente de guerra, escribiu máis de catrocentos artigos, dúas guerras mundiais e un periplo viaxeiro por Europa e Rusia de case trinta anos.

Menosprezada por un marido que a consideraba unha esposa fracasada por non



Homenaxe do Sporting Club o 30 de xullo de 1919 no parque do Leirón (A Coruña). Arquivo da Real Academia Galega.



Sofía Casanova durante a I Guerra Mundial. Arquivo gráfico ABC. Ramón Rozas.

darlle un fillo varón e un estorbo na súa carreira, refuxiouse na escrita e no estudo das linguas (chegando a dominar máis de seis idiomas). A pesar dunha progresiva cegueira que a acompañou durante toda a vida e dun nulo apoio familiar, Sofía entregouse á súa paixón, e enfrontouse a unha sociedade que agardaba que priorizase o seu papel como nai sobre calquera outro aspecto vital. Co seu traballo foi o sostén económico desa familia que non a comprendía, e sorteando a censura soviética conseguiu que as súas crónicas adquirisen unha relevancia internacional nunca antes acadada por un muller no seu campo.

Evacuada en varias ocasións das áreas en conflito, ás que viaxaba soa constantemente, non dubidaba en enfrontarse aos gardas que lle pechaban o paso, ou en formular as preguntas máis incómodas a importantes mandos da esfera política e militar. Obstionada, independente e libre, abriu camiño a outras mulleres pioneiras que, seguindo os seus pasos, conseguiron conquistar o seu propio lugar nun tipo de xornalismo que ata aquel momento, estaba dominado pola presenza masculina.

Retrato de Sofía Casanova en 1937. Fondo gráfico do Arquivo da Emigración Galega - Consello da Cultura Galega.



1861

Nace en Almeiras, Culleredo, A Coruña

1874

Aproximadamente por esas datas, trasládase a Madrid onde estuda declamación no Conservatorio oficial e entra en contacto cos poetas da época.

1885

Publica *Poesías*, a súa primeira obra literaria.

1887

Casa co polaco Wincenty Lutoslawski e trasládase a Polonia. Sucesivamente vivirá en Polonia, Estonia, Londres, A Tartaria, Rusia...

1907

Instálase en Madrid e comeza a recuperar o mundo literario madrileño e continuar o seu labor como escritora.

1914

O comezo da primeira Guerra Mundial xorde cando ela está en Polonia, polo que traballa como enfermeira na Cruz Vermella e comeza a súa carreira como correspondente de guerra para o diario ABC.

1915

Coa poboación civil polaca, camiña cara ao interior do Imperio do Tsar escapando da fronte alemá hasta chegar a Moscova e despois a San Petersburgo. Ao mesmo tempo traballa como correspondente de guerra.

1917

Vive en San Petersburgo a Revolución rusa e o triunfo dos bolxeviques. As súas crónicas recollen "in situ" o relato de todo o proceso.

1919

Visita España, onde é recibida como unha celebridade e una sobrevivente.

1920-1930

Publica *La revolución bolchevique (diario de un testigo)*. Vive en Varsovia e os seus artigos dan conta da formación do novo Estado de Polonia e as sucesivas guerras contra os soviéticos para fixar as fronteiras. Cando pode, visita España.

1938

Visita por última vez o seu país e súmase á campaña anti-comunista.

1939

En Polonia fica atrapada pola invasión do exército nazi.

1944

ABC publica o seu derradeiro artigo. A realidade nazi non interesa na España franquista e rescíndelle o contrato.

1958

Illada tras do "Pano de aceiro", esquecida, morre con noventa e seis anos en Polonia, onde está enterrada. A Real Academia Galega, da que xa era correspondente, noméaa académica de honra.



CONCHA CASTROVIEJO BLANCO-CICERÓN

A crítica literaria

Se a voz da muller na escrita, e na profesión xornalística, foi sempre cuestionada e estereotipada, a voz dunha muller que exerce a crítica literaria, resultaba dobremente desafiante incluso no século XX. Concha Castroviejo non só erguía a súa sen medo, senón que o facía para criticar, analizar e cuestionar traballos alleos.

Se custaba recoñecer que unha muller podía escribir... como asumir que ía opinar da escrita doutras persoas? Especialmente da de homes recoñecidos, como Rafael Dieste ou Castelao? Concha afrontou estes prexuízos, exercendo o seu traballo desde un punto de vista absolutamente libre de complexos, consciente da súa valía e segura dun coñecemento, que non por ser en gran parte autodidacta, fixo que dubidase das súas capacidades.

Como chega unha rapaza de familia acomodada, educada para casar ben e brillar en sociedade, a converterse nunha xornalista e crítica literaria independente que vive do seu traballo?



Concha Castroviejo con Choncha Concheiro e as respectivas crianzas: Paco Comesaña Concheiro e Mª Antonia Seijo Castroviejo. México, 1945. Arquivos familiares das irmás



Concha Castroviejo: "Años de Colegio". En *La Estafeta Literaria*, n. 320-321 (xuño-xullo 1965). Páx. 63.

O primeiro obstáculo que atopou Concha, foi o seu propio pai, quen se negou rotundamente a que estudase na universidade. Porén, iso non a fixo desistir. Tras o pasamento do seu pai, comezou a estudar o Bacharelato de Filosofía e Letras, coa intención de acceder á universidade.

A guerra e o exilio interpuxéronse no seu camiño, pero non a detiveron.

En Bordeos, rematou a súa formación literaria, e durante o seu exilio de dez anos en México, continuou escribindo e formándose por si mesma, traballando incansable en Tijuana, Campeche e México DF. Á súa volta a Galicia, e cunha filla que manter e coidar, empezou a traballar para o



A nena Concha de loito e o seu irmán José María. En Compostela, 1915. Arquivos familiares das irmás Margarita e Rosina Acuña Castroviejo e dos irmáns Santos Castroviejo.

diario vespertino *La Noche*, ao mesmo tempo que facía os cursos para obter o carné de xornalista que convocaba en Madrid a *Escuela Oficial de Periodismo*. Unha vez obtido, trasladouse de novo, esta vez a Madrid, onde atopou emprego como redactora, columnista e directora do suplemento infantil no xornal *Informaciones*.

O seu talento non pasa desapercibido, e pronto as súas críticas literarias comezan a verse en publicacións de prestixio como *La Hoja del Lunes*, *La Estafeta Literaria*, *Ínsula Cuadernos de Occidente*, *Cuadernos Hispanoamericanos*, *Blanco y Negro*, *Grial* ou *QP*. Foi nesta época tamén, cando se converteu na única muller que entrou a formar parte do xurado dos prestixiosos *Premios de la Crítica*, ademais de ser nomeada integrante da *Asociación Internacional de Críticos Literarios*. Xa desde unha posición poderosa, dedicou o seu traballo de crítica á divulgación das obras doutras mulleres, cando estas apenas eran tidas en conta. Valente, rebelde e resolutiva, o esforzo e a confianza no seu propio talento levárona a conquistar espazos que ningunha outra muller ocupara antes.

Concha Castroviejo (no centro) na glorieta de Retirosa, Coiro (Cangas). Coas irmás Pilar e Anita, con Eugenio e Luisa Santos Sequeiros e Carlos Acuña Castroviejo. 1962. Arquivos familiares das irmás Margarita e Rosina Acuña Castroviejo e dos irmáns Santos Castroviejo.



1910

Nace en Compostela nunha familia acomodada.

1934

Estuda bacharelato de Filosofía e Letras.

1936

Testifica a favor de Paco Comesaña nun xuízo sumarísimo, a quen coñecía dos círculos republicanos, acusado de comunista e alterador das masas.

1937

Tras testificar viaxa a Bordeos, onde remata a súa formación literaria. Casa con Joaquín Seijo Alonso. Vive en Barcelona mentres el loita na Fronte do Ebro.

1939

Exílianse definitivamente en México, onde ela traballa de profesora en Campeche, Tijuana e México DF.

1949

Regresa á Coruña coa súa filla.

1951-1953

Traballa como colaboradora no diario *La Noche*. Obtén o carné de xornalista.

1953

Trasládase a Madrid, onde traballa como redactora, columnista e **dirixe o suplemento infantil no xornal *Informaciones***.

1962-1966

Exerce de titular da crítica. Escribe artigos en publicacións como *La Hoja del Lunes*, *La Estafeta Literaria*, *Ínsula Cuadernos de Occidente*, *Cuadernos Hispanoamericanos*, *Blanco y Negro*, *Grial* ou *QP*. Neses anos forma parte do xurado dos **Premios de la Crítica**. Convértese en integrante da Asociación Internacional de Críticos Literarios.

1970

Publica ***Los días de Lina***, unha das súas últimas obras.

1995

Tras dez anos afastada da vida pública por unha enfermidade dexenerativa e vascular, morre na súa casa de Ribera del Manzanares.



EMILIA PARDO BAZÁN

A aristócrata rebelde

O máis salientable da obra de Emilia Pardo Bazán é a súa magnitude. Desde 1866 traballou de xeito ininterrompido ata a súa morte en 1921. Cómpre resaltar tamén a variedade de xéneros que abarcou: crítica literaria, novela, contos, teatro, biografías, artigos de opinión, científicos, políticos, artísticos, crónicas de viaxes...

alto nivel intelectual, as súas opinións agudas, as temáticas que trataba (a súa estrea na crítica literaria con *La Cuestión Palpitante* foi o escándalo do momento), e a súa negativa a cingirse ás cuestións tradicionalmente femininas levárona a súa separación matrimonial.

Unha muller instruída, cunha actitude aristocrática e unha curiosidade inextinguible dan como resultado unha figura carismática e incómoda a partes iguais, sobre todo nun mundo de homes que non estaba preparado para tratar con mulleres seguras e capaces.

Salientar o seu compromiso coa defensa da educación e os dereitos das mulleres, que percorre toda a súa obra. Para dona Emilia, a liberación da muller só podería conseguirse a través dunha educación sólida e completa, e así o defendeu en múltiples conferencias, contos, novelas, artigos e sobre todo, co seu xeito de vivir.

Ben que é certo que en comparación con outras das súas coetáneas contou coa vantaxe da súa orixe e posición privilexiadas, Emilia Pardo Bazán chegou a superar de xeito autodidacta a formación de moitos dos seus contemporáneos.

Converterse no personaxe que hoxe coñecemos supuxo renuncias importantes. A primeira, o seu propio matrimonio; Emilia antepuxo a súa profesión ás convencións sociais. Non podía renunciar a ela mesma e á súa condición de intelectual.

Tras a separación, a súa carreira comezou a despegar rapidamente: viaxou por toda Europa e serviuse da súa posición social para



Emilia Pardo Bazán, primeira muller socia do Ateneo de Madrid. Recorte do xornal *La Época*. 15 de febreiro de 1905.



Xornal *La Voz de Galicia*. 7 de agosto de 2004.

Tampouco podemos pasar por alto a importancia da imaxe pública da personaxe, a súa presenza en lugares non habituais para as mulleres, tamén nos xornais, debuxaban unha persoa polémica. Súmase a esta crítica o seu



Excma. Sra. Condesa de Pardo Bazán. Madrid 1921. Arquivo da Real Academia Galega.

relacionarse coa intelectualidade máis importante de cada país. Orgullosa e teimuda, proseguía incansable co seu labor creativo, invulnerable ante ataques e críticas. Vetaron a súa entrada na Real Academia Española polo simple feito de ser muller, a pesar de acumular e acreditar méritos sobrados. E cando conseguiu ser a primeira muller catedrática de España e dar clases na Universidade, as persoas matriculadas (influídas por prexuízos propios e a presión de profesores e colegas) deixaron de asistir ás súas leccións.

Que motivación empurraba a Emilia a enfrontarse a tantos obstáculos? No eido económico non tiña necesidade ningunha, pois o seu patrimonio era cuantioso. Porque apartarse dun camiño tan cómodo e seguro para exporse deses maneira?

Ela mesma sabía que non podería encaixar na vida dunha aristócrata convencional. A vocación pola escrita, a liberdade de pensamento e o atractivo dunha vida independente e libre foron máis fortes que calquera penalización social.



Monumento a Emilia Pardo Bazán. Xardíns de Méndez Núñez. 1916-1920. Arquivo da Real Academia Galega.

1851

Nace na Coruña, no seo dunha familia fidalga que permite e estimula a súa formación.

1868

Casa con José Quiroga y Pérez Deza, estudante de leis e carlista.

1871

O Papa Pío IX concédelle ao seu pai o título Conde de Pardo Bazán.

1873-1876

Recibe instrución grazas a personaxes do krausismo, que valora positivamente a educación nas mulleres. Fórmase principalmente en filosofía. Escribe **artigos científicos** para a *Revista Compostelana* na sección «La ciencia amena». Prémiaselle o seu **Estudio crítico de las obras del Padre Feijóo**.

1880

Nomeada directora da *Revista de Galicia*, conecta coa alta intelectualidade para conseguir a súa participación.

1882

Publica en La Época “la cuestión palpitante”, artigos de crítica literaria sobre o naturalismo francés. Ao ano seguinte **publica a novela La Tribuna, considerada a primeira novela social española**. Recibe o nomeamento de presidenta da Sociedad del Folk-lore Gallego.

1886

Publica Los Pazos de Ulloa, onde mestura o naturalismo e o espiritualismo ruso. Con ela comeza a gran novelística galega.

1890

Funda Nuevo Teatro Crítico, revista que escribe e publica mensualmente durante tres anos. De xeito simultáneo, escribe regularmente para diferentes publicacións estatais como a *Gaceta de Galicia*, *La Época*, *La España Moderna*, o *Heraldo de Madrid*, *El Imparcial*, *El Liberal*, ademais doutras publicacións periódicas de Portugal, Francia, Inglaterra e América Latina.

1892

Participa no Congreso Pedagógico Hispano-Portugués Americano coa conferencia “La educación del Hombre y de la Mujer, sus relaciones y diferencias”.

1895

Comeza a publicar en *La Ilustración Artística* a sección quincenal “La vida contemporánea”, que manterá durante 16 anos. Ao ano seguinte comeza a colaborar en *Blanco y Negro*.

1889

Cronista da Exposición Universal de París. Ademais de artigos dispersos en xornais e revistas aínda pendentes de recompilación, tamén dedica varios libros ao xénero de xornalismo de viaxes.

1906

Convértese na **primeira muller presidenta da Sección de Literatura do Ateneo de Madrid** ao ano seguinte de ser nomeada primeira muller socia.

1909

Colabora con *La Nación* de Bos Aires, cun total de duascenas sesenta e unha crónicas.

1910

Primeira muller nomeada **Consejera no Ministerio de Instrucción Pública**. O seu labor é intenso. A Real Orde de 8 de marzo de 1910 derroga outra pola que a muller debía pedir permisos especiais se quería matricularse oficialmente na universidade. Outra R.O. de 2 de setembro de 1910 permite a capacitación profesional para o exercicio de todas as licenciaturas relacionadas con ese Ministerio.

1916

É a primeira muller que ocupa unha cátedra na materia de Literatura Contemporánea de las Lenguas Neolatinas na Universidad Central de Madrid.

1918

Comeza a publicar quincenalmente no xornal *ABC*, traballo que desempeñará ata a súa morte, en 1921.



FILOMENA DATO MURUAIS

A poeta feminista

Filomena Dato é considerada, xunto con Rosalía de Castro, unha das maiores expoñentes da poesía feminista do século XIX.

Estruturou os seus versos á imaxe de composicións tradicionais, como romances e cantares, e cun estilo clásico e descritivo. Porén, a temática non podía ser máis rupturista, xa que nela o protagonismo era ostentado polas mulleres, especialmente as das clases populares, das que Filomena admiraba a súa coraxe, forza e enteireza ante as dificultades derivadas do lugar que ocupaban no mundo.

Follatos, a súa

obra de poemas máis coñecida, está dedicada á Infanta Francisca de Borbón e é unha denuncia en verso contra os estereotipos de xénero. Nel Filomena desmonta os tópicos habituais da época sobre o sexo feminino e recolle un compendio de mulleres notables: raíñas, emperatrices, deusas da mitoloxía clásica, artistas como a súa admirada Rosalía, ou loitadoras como María Pita. A intención de *Follatos* é por tanto dupla: por unha parte loitar contra

os prexuízos existentes, propios do machismo, e pola outra, reivindicar uns referentes de éxito e forza moi necesarios para as mulleres. Referentes que ficaban no esquecemento ata que Filomena os rescatou para todas nós.

Aínda que a súa obra foi profusamente premiada e difundida nos xornais da época, Filomena viviu nun tempo no que o machismo era a norma, incluídos os círculos intelectuais nos que ela se movía. Iso fai aínda máis valiosa a



Filomena Dato Muruais (1891): *Follatos. Poesías Gallegas*. Ourense.



Pazo de Lourizán (Pontevedra). Filomena pasou os veráns no pazo da familia Montero Ríos. Fonte "Montero Ríos", en Gran Enciclopedia Gallega, XXI. Páx. 191. Santiago de Compostela, Silverio Cañada, 1974.



Foto na ponte romana de Ourense na homenaxe a Curros en 1913. De esquerda a dereita: Hermida, Lustres Rivas, García Martí, Sofía Casanova, Rey Soto, Filomena Dato, Fernández Mato, López Aydillo, Docampo, Domínguez Yrantes e López, o canteiro autor do monumento. Vida Gallega. 1913.

reivindicación feminista que impregna todo o seu traballo.

A pesar de que hoxe en día non contamos con moita información sobre a súa vida persoal, entendemos que non debeu ser fácil para unha muller naquel momento publicar poesía feminista en galego. É moi posible que non faltasen as críticas ante tan grande atrevemento. Por sorte para ela e para nós, non era a única en desafiar os convencionalismos no mundo das letras. Sabemos que mantivo unha gran amizade con outras mulleres do xornalismo, como Sofía Casanova ou Emilia Pardo Bazán. Como elas, Filomena mantívose en activo ata unha idade moi avanzada, e incluso nos seus últimos anos, mentres loitaba contra unha cegueira galopante, continuou escribindo e ofrecendo conferencias sobre os dereitos das mulleres por toda Galicia.



Filomena Dato diante da tumba de Rosalía de Castro. 1913. Arquivo da Real Academia Galega.

1856

Nace en Ourense.

1874

Comeza a colaborar en publicacións galegas como *El Heraldo Gallego*, *A Patria Gallega* ou *A Monteira* e noutras de ámbito estatal como *La Ilustración Ibérica* e *Barcelona Cómica*.

As súas publicacións cruzan o mar ata a Habana, aparecendo en *El Eco de Galicia*, *Follas Novas* e *Galicia*.

1877

Publica *La letanía* lauretana en verso.

1880

Publica *Penumbra* colección de poesía.

1887

Gaña o Certamen Literario en Ourense na honra de Frei B.J. Feijóo, co seu texto máis coñecido ata hoxe: *Defensa das mulleres*. A convocatoria anterior destacara Emilia Pardo Bazán, en estreita pugna con Concepción Arenal.

1891

Publica *Follatos*, un libro de poesía, o único que escribe en galego.

1895

Publica *Romances y cantares*.

1898

Publica *A la tuna conimbricense*.

1906

É nomeada **académica correspondente da Real Academia Galega**.

1911

Publica *Fe: Poesías religiosas*.

1913

Participa con Sofía Casanova e outras figuras da época na homenaxe a Curros Enríquez en Ourense.

1926

Morre en Moruxo, Sada, A Coruña.



MARÍA LUZ MORALES

A primeira muller directora dun xornal

María Luz Morales foi das poucas xornalistas que gozaron de recoñecemento durante o seu tempo. Considerada a primeira xornalista cultural de España, comezou os seus pasos exercendo o chamado “xornalismo feminino”, enfocado nos temas da crianza e o coidado da casa. Incluso nun xénero tan tradicionalmente conservador, ela soubo usar a súa propia perspectiva. Non foron poucas as dificultades que tivo ao insistir en tratar certos temas espíñentos e ao utilizar un estilo afastado das seccións femininas da época.

María consideraba a muller como un ser con inquietudes intelectuais alén do seu fogar, e así o reflectía nos seus artigos, nos que falaba sobre a escolla entre emprego e matrimonio, ou o sentido do voto feminino. Deste xeito, xa dende un principio amosou que non ía adaptarse ao que o mundo esperaba dela.

Máis tarde, como xornalista cultural, destacou na crítica cinematográfica e teatral. Era este un xénero non moi recoñecido no momento, algo considerado “pouco serio”. Aínda así, ela tomaba o seu traballo con gran seriedade e isto, unido ao seu talento, levouna a exercer como asesora literaria para a Paramount Pictures, chegando coa aparición do cine sonoro, a traducir os textos en inglés, francés, catalán, portugués ou italiano, escribir os diálogos e adaptalos á fonética española. Foi neste xornalismo cultural onde María atopou o seu lugar e vocación e onde podemos atopar a maior parte da súa produción.

Un gran recoñecemento tamén supón unha gran exposición social e cultural. María Morales coñeceu as consecuencias de estar exposta. É famosa por ser unha pioneira: a primeira muller en dirixir un xornal en España, *La Vanguardia*. Mais hai que ter en conta que esta era unha honra que ela nunca quixo. De feito, a súa primeira reacción ante a idea foi de terror.

Pero o compromiso co xornalismo puido máis que o medo. Durante a guerra, o consello obreiro noméaa directora do xornal e desempeña este labor durante seis meses de xeito impecable.



Films selectos. *Semanario Cinematográfico Ilustrado*. 25 de decembro de 1931.



Films selectos. *Semanario Cinematográfico Ilustrado*. 27 de decembro de 1930.



Fotografía de grupo de María Luz Morales. Fonte: Antonina Rodrigo (1996): "María Luz Morales". En *Mujeres para la historia. La España silenciada del siglo XX*. Compañía literaria, Madrid. Páx. 210-211.

Este feito déixaa máis tarde nunha posición moi comprometida: ao rematar a guerra queda afastada da profesión e ingresa no cárcere. A pesar de ser unha condena curta, este episodio márcaa profundamente, ata o punto de negarse a falar del durante o resto da súa vida. O castigo máis duro foi sen dúbida a expulsión do xornalismo: María vivía para comunicar e compartir a súa paixón pola arte e a cultura.

Verse afastada da súa profesión foi un golpe duro, mais non definitivo. Recíclase como editora e tradutora e segue escribindo, agora baixo pseudónimo. Cando en 1949 é rehabilitada como xornalista, reincorpórase ao traballo no *Diario de Barcelona* coa impaciencia de quen quere recuperar o tempo perdido, escribindo numerosos artigos de crítica teatral, e continúa activa ata a súa morte, no verán de 1980.

Retrato de María Luz. Fonte: Antonina Rodrigo (1996): "María Luz Morales". En *Mujeres para la historia. La España silenciada del siglo XX*. Compañía literaria, Madrid. Páx. 207.



- 1898**
Nace na Coruña.
- 1910**
Trasládase coa súa familia a Barcelona onde estuda Filosofía e Letras.
- 1921**
Envía as súas crónicas sobre moda a un concurso da revista *El hogar y la moda*. Remata dirixindo a publicación durante cinco anos.
- 1924**
Entra na redacción de *La Vanguardia*, na sección Vida Cinematográfica, co pseudónimo Felipe Centeno. É a única muller da redacción. Escribe tamén no xornal *El Sol*, na sección La mujer, el niño y el hogar.
- 1936**
O comité de traballadores do xornal ***La Vanguardia*** noméaa **directora**. Era a primeira muller en estar ao fronte desta clase de publicación.
- 1940**
Acusada de ser a directora do diario durante a guerra e de pertenza ao Partido Galeguista, María Luz Morales **é encarcerada corenta días e inhabilitada como xornalista**. Os anos seguintes traballa na Editorial Salvat e crea a Editorial Surco.
- 1948**
Exerce de crítica teatral no *Diario de Barcelona* e en *Lecturas* baixo pseudónimo.
- 1956**
Recibe do goberno francés o **premio Orde das Palmas Académicas** como recoñecemento ao seu traballo.
- 1963**
Recibe o Premio Nacional de Teatro polo mellor traballo periodístico da temporada escénica no Diario de Barcelona.
- 1978**
É rehabilitada como xornalista. Continúa, xa como redactora, no Diario de Barcelona.
- 1980**
Morre en Barcelona con noventa e un anos.



Retrato de María Luz autografado. (<http://culturagalega.gal>). Álbum de Mulleres Galegas).



MERCEDES VIEITO BOUZA

Xornalismo galego dende Cuba

Nacida en Cuba e descendente de familia galega emigrante, publicou en diferentes xornais e revistas da illa durante toda a súa vida cun estilo sucinto e claro, pero tamén vivo e apaixonado. Dedicou os seus artigos á denuncia das inxustizas cometidas contra unha Galicia á que se sentía fondamente vinculada, cuns textos nos que apoiaba abertamente o movemento agrarista contra o caciquismo.

Outra parte importante da súa obra está centrada na defensa e promoción da cultura e a lingua galega entre a colonia de emigrantes

en Cuba, converténdose na embaixadora dunha terra na que nunca viviu. Un terceiro eixo temático dos seus artigos foi o dereito das mulleres a unha educación que lles permitise acadar independencia económica, especialmente no caso das mulleres galegas emigrantes, xa que sen esa educación sempre se verían empurradas a ocupar postos de menor categoría e remuneración que os seus compañeiros.

Como filla da diáspora, Mercedes entende rapidamente que para adaptarse de xeito satisfactorio á sociedade cubana, as mulleres



Eco de Galicia: Revista gráfica y de información de la colonia en Cuba. 1917. Páxinas da homenaxe que a colonia galega da Habana lle fixo a Mercedes Vieito.



Retrato de Mercedes Vieito Bouza debuxado por V. Díaz y González en 1924. Fondo gráfico do Arquivo da Emigración Galega - Consello da Cultura Galega.



Carné de socia de *Hijas de Galicia*.
<http://culturagalega.gal/albumAlbum de mulleres>.

necesitan un medio de vida que lles permita subsistir sen depender de ninguén. No seu caso, decide formarse como profesora de primaria, ao mesmo tempo que comeza a súa traxectoria como xornalista.

Nestes dous ámbitos, o espírito combativo de Mercedes e a súa pluma sempre estarán ao servizo das persoas menos privilexiadas, alentando proxectos educativos para as clases máis humildes, fundacións e redes de apoio para mulleres emigrantes e retornadas e reivindicando a cultura e identidade galegas na illa.

A pesar de que as institucións galegas no exilio arrastraban o mesmo machismo que as da patria distante, non deixando facer parte ás mulleres das xuntas directivas, como no caso do Centro Galego de Cuba, Mercedes decide facer parte delas igualmente, e traballa incansable dende dentro para mudar estas inxustizas ata 1960, ano no que falece.

Artigo de Puri Cabido Pérez sobre Mercedes Vieito Bouza. *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 28 (primavera 2001), pp. 53-56.



1887

Nace na Habana, Cuba, descendente dunha familia de galegos emigrados.

1903-1905

Escrebe baixo o pseudónimo de Zoraida na revista *Galicia*. Comeza a colaborar con numerosas publicacións editadas pola colectividade galega na Habana como *Galicia*, *Cultura Gallega*, *Heraldo Gallego* e *Eco de Galicia*.

1908

As súas publicacións na revista *Galicia* comezan a ocupar as portadas de xeito habitual ata 1914. Este mesmo ano, é nomeada **presidenta de honra da Sociedade de Declamación Rosalía de Castro**.

1910

Comeza a colaborar nas publicacións *Galicia en América*.

1918

Exerce como mestra e crea a súa propia escola de ensino primario "La Aurora".

1923

Recibe unha homenaxe de recoñecemento á súa vida e obra por parte de diferentes sociedades galegas cubanas.

1924-25

Visita Galicia coa súa familia, converténdose este nun dos momentos máis importantes da súa vida.

1934

Convértese en **directora do *Eco de Galicia*** ata o seu peche en 1936.

1935

Participa de xeito activo na **sociedade La Aurora de las Somozas**, levando a cabo diversas actividades arredor da cultura e identidade galegas. Nesta sociedade recibe os títulos de **fundadora, secretaria e presidenta de honra**. Continúa escribindo e publicando en diferentes xornais da illa.

1960

Falece na Habana aos setenta e tres anos.



PURA VÁZQUEZ IGLESIAS

A poeta da posguerra

Pura Vázquez Iglesias foi a primeira muller en publicar versos en galego tras a guerra civil, e comezou a facelo desde moi nova. Nunha época en que xeralmente as mulleres non eran incentivadas para nada que non fose a crianza e o fogar, Pura contou cun pai que a animou a ler e a estudar e rapidamente namorou dos clásicos do Rexurdimento.

Influída por estas lecturas, non tardou en amosar interese pola escrita. O seu pai non dubidou en apoiala nesta nova actividade e agasallouna co que foi a súa primeira ferramenta de traballo: unha máquina de escribir. Con ela, Pura comezou a compoñer os seus primeiros poemas. Que escollese a lingua galega resulta meritorio xa que nese momento non existía un público infantil (o principal destinatario das súas creacións) que fose alfabetizado en galego.

As composicións de Pura centrábanse na personalidade de nenas e nenos e na súa realidade inmediata (a escola, os xogos, os animais, as paisaxes e o mundo dos sonhos). O seu estilo era moi próximo á narración oral, con poemas breves e moi medidos, rimados e musicais.

No eido profesional, podemos considerar a Pura como unha muller afortunada. Á hora de escribir e publicar, ao contrario que moitas outras pioneiras, contou co apoio total por parte da súa familia, quen a alentou desde o principio a crer en si mesma e no seu talento. No momento en que comezou a publicar apenas existía poesía actual e en lingua galega orientada a un público infantil,

e foi a través dese xénero que ela descubriu a súa vocación docente. Porén, o contexto político e histórico que lle tocou vivir si lle presentou bastantes dificultades. Tivo que ver como o seu pai ía a prisión por causa das súas ideas de esquerdas e como o seu mozo sufriu a mesma sorte antes de morrer na guerra.



1952. Revista *Galicia*. Centro Galego de Bos Aires.

Unha saúde moi feble desde pequena (estivo a piques de morrer de tifo sendo nena) fixo que pasase algunhas tempadas sen escribir, pero nada disto detivo o seu espírito independente e aventureiro, que a levou a exercer como mestra arredor de España, e a cruzar o océano ata Venezuela, onde traballou como xornalista tanto en publicacións venezolanas como españolas.

Cando regresou e se instalou definitivamente na súa terra, gozou do recoñecemento que merecía por parte do público e da profesión. Nos seus últimos anos en Galicia converteuse nunha figura moi querida, e gozou do cariño das persoas lectoras ata o seu pasamento en 2006.



Insua dos Poetas, en Esgueva (Madarnás, O Carballiño). Escultura homenaxe a Pura e Dora Vázquez Iglesias. Foto de Adrián Estévez. Galipedia. Licenza de documentación libre de GNU.

1918

Nace en Ourense, onde estuda Maxisterio. Posteriormente exercerá en Segovia, Toledo, Sevilla e Madrid.

1931

Con só trece anos, publica os seus primeiros versos en *La Zarpa*, de Ourense e no *Diario de Galicia*, de Vigo. O seu nome comeza a ser habitual tamén no vespertino *La Noche*, en *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*.

1949

É nomeada **académica correspondente** da Real Academia Galega.

1955

Emigra a Venezuela, onde dirixe un xardín de infancia na capital. Os próximos anos alternará estadias longas entre España e Venezuela.

1956

Traballa como secretaria da Escola de Xornalismo de Caracas, Venezuela, durante cinco anos.

1968

Regresa a España para establecerse.

1971

Publica o conxunto de poemas en galego *O Desacougo*.

1992

Publica de novo artigos para *El Correo Gallego* e *La Región*. **Recibe unha homenaxe na súa cidade natal durante o Día Internacional das Mulleres Traballadoras.**

1993

Recibe o **Premio de Creación Cultural da Xunta de Galicia**.

1996

Gaña o **Premio Trasalba**.

1999

Publica ***Terra matría dos sonhos; as súas memorias***.

2001

Publica *O mundo máxico das ideas*, editándoo ela mesma.

2002

Recibe o **Premio das Letras e das Artes de Galicia**. No mesmo ano, a Deputación de Ourense crea os Premios de Narración e Ilustración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez.

2005

É homenaxeada pola **Asociación de Escritores en Lingua galega** e nomeada socia de honra.

2006

Morre en Ourense.



CONCEPCIÓN ARENAL

Xornalismo e Xustiza social

O estilo xornalístico de Concepción Arenal evolucionou co tempo. Se observamos os seus primeiros artigos en *La Iberia*, caracterízanse por un estilo sobrio, conciso e claro, centrados nos avances industriais do momento.

Cos anos, e debido á súa implicación e traballo social, a temática muda, dedicando case toda a súa produción xornalística á denuncia da situación das clases máis desfavorecidas e a unha férrea defensa da educación da muller.

Como xornalista, destaca polo seu compromiso coa xustiza social, tanto sobre o tema penitenciario, como sobre as mulleres, a caridade e a cuestión obreira, co estilo argumentativo dunha experta en dereito e unha

intención didáctica e moralizante. En *La voz de la Caridad*, revista que fundou e dirixiu, gozou de liberdade e independencia para desenvolver a súa propia voz, chegando a publicar máis de medio milleiro de artigos.

O camiño de Concepción Arenal non foi fácil. Dende nova tivo que enfrontarse a unhas institucións de ensino que lle estaban vetadas polo simple feito de ser muller, chegando a vestirse de home para poder acudir á Universidade. É quizais por iso que gran parte da súa produción literaria e xornalística xirou arredor do dereito das mulleres á educación.

A pesar de traballar como xornalista na mesma publicación que o seu marido, cobraba a metade, e aínda que procedía dun contorno privilexiado, sempre foi consciente das distintas realidades que a rodeaban. O seu contacto directo e continuado coa poboación reclusa, a clase obreira, os orfos e orfas e os sectores máis desfavorecidos da sociedade, espertaron nela a conciencia da necesidade dunha mudanza.

Cunha educación católica, consideraba a caridade unha obriga moral, e abrir os ollos para espertar as consciencias das clases privilexiadas, a súa cruzada persoal. Ninguén mellor que ela para explicar a súa motivación como xornalista, polo que reproducimos a continuación un fragmento do primeiro editorial da revista *La Voz de la Caridad*:

“Nuestro afán se reduce a popularizar todas las cuestiones relativas a la situación de los

MUSEO MANUEL TORRES - XOVES, 29 DE XAREIRO - 20.00 HORAS	
INVITACIÓN	
Charla- Coloquio Presenta: Pilar Celviño	
PROGRAMA	
- Encarna Otero Cepeda Membro do Consello de Igualdade do Consello de Cultura Tema: Concepción Arenal, unha pioneira do seu tempo	
- Celis Pereira Porto Arqueóloga e Investigadora Tema: Concepción Arenal, unha educadora en tres actos para o século XXI	
- Mayka Braña Lectora dramatizada do poema 'Español' - ZenitTV	
- Documental 'A xustiza da cárcere'	
ORGANIZA: CLUBE DE OPINIÓN PORTOCELO	
	
Comemoración 195 aniversario Concepción Arenal	

Programa do coloquio sobre Concepción Arenal no 195 aniversario do seu nacemento. 2015. Clube de Opinión Portocelelo de Marín.



Monumento a Concepción Arenal. Xardíns de Méndez Núñez (A Coruña). Rafael González Villar. 1914.

pobres y de los encarcelados, procurando despertar el interés y la simpatía hacia esas dos clases infortunadas de la sociedad. A este fin, no nos limitamos a proclamar las excelencias de la caridad (...) sino que tratamos igualmente otras cuestiones de moral y conveniencia social: que también vemos caridad en ilustrar la ignorancia del pobre y liberarle de los errores con que a veces se pretende deslumbrarle y seducirle”.



Concepción Arenal nun selo de 15 céntimos. Emitido entre 1933 e 1935.

1820

Nace en Ferrol.

1829

O seu pai falece e trasládase a Armaño, Cantabria, coa súa nai.

1834

Múdanse a Madrid. Estuda nun colexio das casas do Conde de Tapa, onde recibe unha educación para señoritas.

1841

Morre a súa nai.

1842-1845

Asiste á Facultade de Dereito como oínte e disfrazada de home, convértese así na primeira muller en asistir, de xeito regular, durante tres anos, a unha universidade española.

1848

Casa co avogado e escritor Fernando García Carrasco.

1855

Comeza a escribir artigos en *La Iberia*, onde tamén escribe o seu marido.

1857

O seu marido falece e ela faise cargo dos editoriais sen asinalos, ata que é cesada e se traslada a Asturias (primeiro a Colloto, logo a Oviedo) e despois a Potes, Cantabria.

1859

Funda o grupo feminino das Conferencias de San Vicente de Paúl para ayuda a los pobres.

1860

Escribe *La beneficencia, la filantropía y la caridad*, co pseudónimo Fernando (o nome do fillo) e envía ao concurso convocado pola Academia de Ciencias Morales y Políticas. É a primeira muller en gañar.

1861

Reside en A Coruña. Comeza a amizade con Juana de Vega. Escribe *La mujer del porvenir*.

1863

Recibe o título de Visitadora de Cárceres de Mulleres, cargo que ostenta ata 1865, sendo tamén a primeira muller en facelo.

1866

Publica *Oda a la esclavitud*, premiada pola Sociedad Abolicionista de Madrid.

1868

É nomeada **Inspectora de las Casas de Corrección de Mujeres**.

1870

Crea e dirixe a revista *La Voz de la Caridad* en Madrid, traballo que realiza durante catorce anos.

1872

Funda a Constructora Benéfica, sociedade dedicada á construción de vivendas baratas para a poboación obreira.

1873

Dirixe o Hospital de sangue de Miranda de Ebro durante a terceira guerra carlista.

1882

Participa no Congreso Pedagógico Hispano-Portugués-Americano en Madrid cun relatorio titulado *La educación de la Mujer*.

1883

Escribe e publica *La mujer de su casa*.

1891

De volta en Galicia publica o artigo *El trabajo de las mujeres*.

1893

Morre en Vigo.



CLARA CORRAL ALLER

Elexía con nome de muller

Sendo unha das poucas mulleres que publicou en lingua galega no século XIX, a día de hoxe apenas se conservan mostras da súas publicacións na prensa, probablemente debido a que se trataba de xornais locais.

Estreouse como poetisa moi nova, con apenas dezanove anos, con composicións de carácter costumista. Máis tarde a temática da súa poesía variou e atreveuse a tocar outros xéneros poéticos como o romántico e a elexía, sobresaíndo neste último.

Na forma, non dubidou en atreverse a ensaiar novas métricas e estrofas, aínda que se mantivo fiel a temas como a nostalgia, as ilusións perdidas ou a saudade de tempos pasados.

Non se coñece moito da vida de Clara. Sábese que naceu nunha familia acomodada e afeccionada ás artes (o seu avó era cantor e o seu pai tamén publicou poesía). E que tanto Clara como as súas irmás e irmán senten dende novos o pulo da escrita. Sendo unha muller nova, de boa familia, fermosa e cunha cultura moi por riba do común nunha muller da súa época, non faltan pretendentes. Porén, Clara decide moi cedo que non casará con ninguén máis que coa súa arte, e fica solteira e comprometida coa poesía ata o fin dos seus días.

Convive coa súa familia en distintas cidades de Galicia, e leva unha vida discreta, sen participar dos círculos intelectuais da época. A pesar diso, goza dun merecido



“A una flor”. En *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono*. 1866.

recoñecemento literario, orixinado polas súas colaboracións nas principais publicacións e medios de comunicacións do mundo da cultura galega.

Sofre un duro golpe a raíz da morte do seu irmán e a súa sobriña (sendo esta última moi nova), a quen lle dedica o seu único libro de poemas publicado en vida: *A Herminia*. Nunca chega a recuperarse desta perda e tras ela, decide illarse, rematando os seus días na Coruña en 1908, na máis absoluta soidade.

1847

Nace en Ourense. No seo dunha familia acomodada e sensible á produción artística.

1852

Trasládase coa súa familia a Lugo.

1866

Publica "**A una flor**" no *Almanaque* de Soto Freire.

1868

Orfa de pai e nai, múdase coas súas irmás a Santiago de Compostela, onde comeza a publicar os seus poemas.

1872-1872

Publica "Armonías", "Mi ideal", "Prismas", "Una tempestad" e "Vendrá" en *El Diario de Santiago*.

1876

Publica "Una lágrima" en *La Revista Compostelana*.

1879

Publica en galego tres composicións: "Lonxe vai miña alegría", "O ben na terra" e "O día de San Antón" en *La Ilustración Gallega y Asturiana*.

1884

Trasládase a vivir á Coruña.

1891

Publica o libro de poemas A Herminia, dedicado á súa sobriña falecida. É o único libro que publicou en vida.

1906

É nomeada académica correspondente da Real Academia Galega.

1908

Falece na Coruña.



VIRGINIA FELICIA AUBER

A raíña do folletín

O folletín, ou novela por entregas, coñeceu o seu auxe no século XIX, debido ao aumento da alfabetización entre as clases máis baixas. Felicia foi a raíña indiscutible do folletín no seu tempo e o feito de que fose un “xénero menor” non impediu que o utilizase para transmitir os seus valores, ideas e visión do mundo que a rodeaba. De estritas conviccións relixiosas e morais, isto non significa que non fose unha muller adiantada á súa época en moitas cousas. Son asiduos os artigos enviados a *Galicia Revista Universal de este Reino* que constitúen verdadeiras mostras de crítica social.

A súa obra encádrase dentro do romanticismo decimonónico, e aínda colocándose do lado dun ideario católico e acorde coa norma social vixente, abordou desde el temas como o valor intelectual das mulleres, a necesidade de instrución na infancia, a cultura como patrimonio universal ou o voto feminino. Esa dualidade, esa aparente contradición entre unha moral tradicional e unhas temáticas tan modernas, é seguramente un reflexo da propia Felicia, que a pesar de ser educada dentro dos parámetros máis convencionais, tivo unha vida que escapaba totalmente deles.

A pesar de ter marchado moi nova de Galicia, Felicia sempre sentiu un vínculo moi forte coa súa terra e nunca perdeu a esperanza de volver a establecerse nela. O motivo desta emigración foi o traballo do seu pai, catedrático en Cuba. Foi tamén o seu pai quen se ocupou da súa educación, moi influído polos valores

da Ilustración e o Humanismo, que se poden apreciar tamén en Felicia. Ela integrou sen problemas estes valores dentro da súa fe cristiá: valores como a tolerancia, a fraternidade e



“El Talento”. En Galicia. *Revista Universal*. 1862



“Apuntes Biográficos sobre la escritora Felicia”.
En *Galicia. Revista Universal*. 1861.

o coñecemento como base do benestar das persoas, que a guiaron durante toda a súa vida.

A súa escrita gozou do recoñecemento da crítica, non desafiando na forma o que se esperaba dunha muller; mais tamén do apoio do seu público, que sabía valorar a valentía que supuña defender con tanta vehemencia a necesidade de instrución para as mulleres, o coñecemento humanista e o seu valor intelectual.

O seu pensamento e discurso evolucionaron co tempo, sempre intentando conxugar a súa visión da arte como ferramenta ao servizo da moral, cunhas mensaxes cada vez menos disimuladamente feministas, facendo fincapé na necesidade de coidado mutuo entre as mulleres ante os avatares da vida e creando unha ponte única entre as súas lectoras a ambos os lados do Atlántico.

1821

Nace na Coruña

1833

A familia trasládase a Cuba, onde o pai exerce de catedrático na Universidade da Habana.

1843

Moi nova, **publica os seus primeiros artigos** no *Diario de La Habana* e en *La Gaceta de La Habana*.

1844-1848

Os seus folletíns comezan a alcanzar notoriedade, con títulos como *Mauricio*, *Una deuda de gratitud*, *Los dos castillos*, *Úrsula* e *El castillo de la loca Teresa*.

1848

Convértese en colaboradora semanal do *Diario de La Habana* co folletín dominical *Ramillete Habanero*.

1854

Comeza a escribir para o *Diario de la Marina*, o xornal de maior tirada de La Habana, onde continúa con *Ramillete Habanero* e a súa produción aumenta (*Ambarina*, *Un amor misterioso*, *Otros tiempos*). Colabora tamén con *Ofrenda al Bazar*.

1855

Publica os seus folletíns en *La Floresta Cubana*.

1860

Colaborará no xornal quinquenal *De lo Bueno y de lo Bello*, desde o nacemento do mesmo ate o seu fin, estando a cargo da *Revista de Modas*.

1873

Regresa a Europa, vive en Milán e en París, onde reside vinte anos. Continúa escribindo para o *Diario de la Marina*, cunha sección titulada *Cartas Íntimas*.

1893

Instálase definitivamente en España.

1897

Morre en Madrid.



MARÍA VINYALS Y FERRÉS

A Marquesa Vermella

Os escritos de María Vinyals caracterízanse por xirar sempre arredor dos dous mesmos temas: a historia e beleza da terra que a viu nacer e entre moitos máis temas, a defensa dos dereitos das mulleres.

O seu primeiro libro, *El castillo del Marqués de Mos en Sotomayor. Apuntes históricos*, constitúe un dos máis completos estudos sobre a fortaleza e as xestas históricas acontecidas na contorna, ademais de describir fielmente a beleza das Rías Baixas.



María Vinyals, marquesa de Ayerbe, acompañada dunha muller e dun home, na galería do castelo do marqués de Mos, en Soutomaior. Museo de Pontevedra.

En canto ao seu compromiso feminista, eixo central da maior parte da súa produción xornalística, estivo centrado no acceso das mulleres á educación como paso indispensable para a asunción de deberes e responsabilidades na sociedade civil. Baixo a perspectiva de María Vinyals non existía posibilidade ningunha de avance político e social sen a participacións das mulleres, motivo polo cal o acceso á educación e ao voto eran condicións *sine qua non* para a evolución da sociedade.

Coñecida como a *Marquesa Vermella* debido ás súas ideas esquerdistas, a súa militancia en diversas organizacións socialistas tróuxolle non poucos problemas, chegando a sufrir ostracismo social dentro dos círculos nobiliarios, nos que era considerada unha *traidora de clase*.

Que dedicase tanto tempo e recursos ao activismo social en favor das clases desfavorecidas tampouco contribuíu á súa popularidade. Acaba por perder o Castelo por endebedamento, ben que é obvio que os seus ideais políticos non a axudaron.

A pesar de non contar coa aceptación dos círculos sociais aos que pertencía por nacemento, María non desistiu no empeño de construír un mundo máis xusto para as mulleres que non naceran cos seus mesmos privilexios.

Incansable conferenciante e viaxeira, fixo parte de diferentes asociacións en prol dos dereitos da muller, e continuou co seu labor após trasladarse a Cuba co seu segundo marido.



O marqués de la Vega de Armijo sentado nun banco do xardín do castelo do marqués de Mos, en Soutomaior, acompañado do marqués de Ayerbe (segundo pola esquerda) e a súa muller, María Vinyals (primeira pola dereita). Museo de Pontevedra.

Pouco coñecemos da súa vida tras deixar a illa. Aínda que nada está confirmado, parece ser que pasou os seus últimos anos en París, a onde se trasladou axudada polas escasas amizades que tiña e crese que finalizou os seus días nesa cidade, soa e sen recursos, a finais dos anos corenta.



María Vinyals e a súa nai, Agustina Ferrés, nos xardíns do castelo do marqués de Mos, en Soutomaior. Museo de Pontevedra.

1875

Nace en Pontevedra.

1896

Casa co marqués de Ayerbe.

1904

Publica *El Castillo del Marqués de Mos en Sotomayor.*

1905

Publica o artigo *Influencia social de la mujer* na revista *Galicia*, no que fala da educación das mulleres como parte indispensable do progreso social.

1906

Funda o Centro Ibero-Americano de Cultura Femenina y Escuela de Madres de Familia. Publica o artigo *El voto de la mujer* na revista *Galicia*. É nomeada académica correspondente pola Real Academia Galega.

1907

Publica o artigo *Unas cuartillas sobre Rosalía Castro* na revista *Galicia*.

1909

Casa de novo co médico cubano Enrique Lloria sete meses despois de ficar viúva. Inscríbese no Ateneo de Madrid.

1910

Constrúe un sanatorio próximo ao castelo que se inaugurarán en 1913. Propágase o rumor de que é un punto de encontro de dirixentes socialistas, o que supón a caída en desgraza da parella.

1915

Pronuncia unha conferencia na Casa del Pueblo de Madrid coa temática de *La mujer como compañera del hombre*.

1916

Pronuncia distintas conferencias (*El feminismo y la galantería*, *Concepto realista e idealista de la felicidad*) no Recreo de Artesanos de Pontevedra e no Círculo de Artesanos de A Coruña.

1917

O Castelo do Marqués de Mos en Soutomaior, sae a poxa pública.

1919

Trasládase a Madrid, onde exerce de vicepresidenta da Unión de Mujeres Españolas e continúa o seu labor como conferenciante con relatorios como *La carencia de sentido social en la mujer*.

1920

Trasládase a Cuba onde continúa publicando en xornais como a *Revista Social* textos de carácter literario (*El gaitero de Ventosela* e *Una aventura... como hay muchas*).

1931

Publica o artigo *Sobre el voto femenino* en *El Socialista*.

1935

A partir de aquí a súa vida é un misterio.



AVELINA VALLADARES NÚÑEZ

A poeta xornalista de opinión

Varios factores fan especial a obra de Avelina Valladares. Por unha banda, o contraste entre o pragmatismo dos seus artigos en prosa e a súa obra poética, contraste que dá lugar a un estilo único, no que os temas máis prosaicos son tratados co maior dos lirismos. Por outra banda, a pesar de amosar no seus artigos uns coñecementos sobre ciencia e botánica moi por riba da media, e un espléndido manexo da métrica e a linguaxe metafórica nos seus poemas, en ambas as facetas a autora mostra unha humildade e falta de pretensións asombrosas.

É moi posible que a súa profunda relixiosidade teña moito que ver nisto, pois o pecado da vaidade era algo no que Avelina non quería incorrer. Quizais ese sexa o motivo polo cal nunca deu demasiada importancia á súa escrita, nin se considerou a si mesma unha xornalista de verdade.


Aínda sen formar parte dos círculos intelectuais da época, a súa natural sensibilidade e intelixencia levárona a tratar na súa poesía as temáticas típicas do momento. Nela fala de Galicia, da morriña da terra ou da emigración e o sufrimento que trae esta ás mulleres.

Pero Avelina non se limita a composicións melancólicas, senón que tamén celebra nos seus versos a familia, as amizades, a natureza, o amor e a relixión vivida con alegría.

Nada nunha familia culta, Avelina Valladares foi educada na casa. Seu pai, quen foi o seu primeiro mestre, fíxoa estudar latín e gramática, e a inmensa biblioteca familiar sempre estivo ao seu alcance. Era unha época en que as mulleres non eran formadas en nada alleo ao doméstico, pero Avelina tivo a sorte de nacer nun ambiente no que a súa intelixencia e curiosidade eran estimuladas e celebradas, aínda que non fose máis que no seo familiar.

Provista dunha gran capacidade de traballo e cristiá devota, entregou a súa vida á súa familia, reservando para a escrita un papel secundario. A maior dificultade, se se lle pode chamar así, que afrontou Avelina Valladares, foi a súa propia modestia. O afán de servizo cara aos demais provocou que só fíxese públicas aquelas obras que cría que podían ser útiles para outras persoas.

Así, non tivo reparos en dirixir cartas abertas a xornais, ou escribir artigos de carácter



Poemas manuscritos do caderno encontrado no casal de Vilancosta (A Estrada).



Casal de Vilancosta, Berres (A Estrada).

divulgativo, cando ve neles a posibilidade de axudar aos seus semellantes. Non busca recoñecemento, nin fama, nin cartos. Quizais por iso a meirande parte da súa obra poética ficou inédita ata moito despois da súa morte, e seguramente tamén sexa a razón de que a súa produción sexa tanta e tan variada: ao non esperar que moitos dos seus poemas chegasen a ver a luz, sentiuse libre para crear, fóra das rixidas estruturas e formalismos da academia. O resultado disto foi unha voz chea de frescura, espontaneidade e atrevemento.



Cabeceiras dalgúns xornais onde Avelina Valladares publicou a súa obra.

1825

Nace en Vilancosta, na Estrada, nunha familia fidalga.

1858

Ante a celebración dunha Exposición Agrícola en Santiago **dirixe unha carta á Sociedad Económica de Amigos del País** na que reflexiona sobre cultivos que considera de utilidade para o agro galego, e que resulta publicada en La *Exposición Compostelana* sobre cuestións agrícolas.

1864

É recompensada coa **Cruz de Beneficencia de segunda clase.**

1878

Dirixe unha carta al *Eminentísimo Cardenal Sr. García Cuesta, Arzobispo de Compostela*, nela fai unhas consideracións sobre cuestións propias da Coresma.

1879

Escribe o poema A Ulla, publicado en *El Eco de Galicia*, Bos Aires.

1879

Escribe *Diálogo entre un peregrino que se dirige a Compostela y un labriego*, en *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, e en *El Herald Gallego*.

1885

Publica *El ochavo milagroso*, sobre supersticións populares en *El Eco de Galicia* da Habana.

1892

Publica *Os que emigran* en *El Eco de Galicia*, Bos Aires.

1902

Publica *A pobre orfiña* en *Follas Novas*, na Habana.

1902

Morre en Vilancosta, na Estrada.

1905

Publicase *Miña joya*, un poema póstumo, en *El Almanaque Gallego* de Bos Aires.

